



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. serviciossociais@vilardebarrio.com

BASES QUE REXERÁN A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO PARA POSTOS DE TRABALLO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR NO ANO 2019.

1.- Obxecto da convocatoria.-

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para o posto de auxiliar de axuda no fogar mediante contratación laboral temporal, acollida aos artigos 2, 3 e 4 do Real Decreto 2720/1988, de 18 de setembro, que regulan as modalidades de contrato para obra ou servizo determinado; eventual por circunstancias de produción e de interinidade por substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, e ao artigo 15 do estatuto dos traballadores coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- Situacións de incapacidade temporal.
- Vacacións, licenza e permisos.
- Xubilación parcial ou anticipada polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión de postos de traballo previstos legalmente.
- Acumulación de tarefas de carácter puntual do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Vilar de Barrio.
- Incremento de horas concedidas de prestación de servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia.
- Calquera outra que esixa de inmediato a contratación.

A vixencia desta Bolsa de Emprego sería dende a súa aprobación ata o 31/12/2019, coa posibilidade de prórroga por un ano máis.

2.- Normativa aplicable.-

O procedemento rexerese especialmente polo establecido nas seguintes normas:

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas),

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Real Decreto Legislativo 1/2008 de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da fundación pública de Galicia.



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. serviciossociais@vilardebarrio.com

Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en Igualdade das mulleres de Galicia;

Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña ó Real Decreto.

Lexislación 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de función pública de Galicia.

Real Decreto 364/1195, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

3.- Funcións.-

As funcións das/os auxiliares de axuda no fogar serán as recollidas na vixente ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Vilar de Barrio e demais que sexan propias do posto e categoría.

A xornada será completa ou parcial, incluíndo sábados, domingos e festivos.

4.- Publicidade.-

O anuncio da convocatoria farase público no BOP de Ourense, no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Vilar de Barrio, na páxina web do Concello www.vilardebarrio.com e na sede electrónica <https://vilardebarrio.sedelectronica.gal>.

As bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vilar de Barrio, na páxina web www.vilardebarrio.com, e na sede electrónica <https://vilardebarrio.sedelectronica.gal>.

5.- Requisitos dos/as aspirantes.-

Poderán participar na Bolsa de Emprego os/as aspirantes que reúnan, á data de remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

5.1.- Xerais.-

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. serviciosociais@vilardebarrio.com

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, ó cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membro da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Tamén que non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

- Ter cumpridos dezaioito anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto da convocatoria.
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
- Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibición e provocación sexual, prostitución, explotación e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

5.2- Específicos.-

1. Estar en posesión do permiso de conducir en vigor, tipo B1.
2. Dispor de vehículo propio.
3. De acordo coa resolución do 11 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo do 27 de novembro de 2008, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, posuír algún dos seguintes títulos ou certificados:
 - O Título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, ou os títulos equivalentes de Técnico Auxiliar Clínica, Técnico Auxiliar Psiquiatría e Técnico Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real Decreto 777/1998, do



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. serviciossociais@vilardebarrio.com

30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- O Título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou o título equivalente de Técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo entón Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou no se caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- Título de Técnico Superior en Integración Social, establecido polo Real Decreto 1074/2012, de 13 de xullo, ou o título equivalente de Técnico Superior en Integración Social establecido polo entón Real Decreto 2061/1995, de 22 de decembro, para aqueles profesionais que na data de publicación do presente acordo, encóntrense traballando na categoría profesional de asistente persoal ou auxiliar de axuda a domicilio.
- O Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente Certificado de Profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado polo entón Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo.
- Calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais aos referidos anteriormente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión do documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación. No suposto de estar en trámite o certificado de profesionalidade, e que polo tanto non se atope en posesión do mesmo, admitirase documento acreditativo emitido pola entidade tramitadora do certificado de profesionalidade conforme se ten dereito ao mesmo.

6.- Presentación de instancias.

Os/as interesados/as en formar parte desta Bolsa de Emprego, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse ao Señor Alcalde do Concello de Vilar de Barrio.

Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello no prazo de SETE (7) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases coa convocatoria deste procedemento no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Vilar de Barrio.

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Vilar de Barrio ou en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral, os/as interesados/as dentro do prazo deberán remitir por fax ó Concello (nº 988468360) avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. serviciosociais@vilardebarrio.com

previstos na Lei. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a solicitude se é recibida con posterioridade á data de terminación do prazo.

Ás instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

- Xunto co Anexo I, deberán presentar:
 - 1.- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
 - 2.- Fotocopia compulsada do carné de conducir B en vigor.
 - 3.- Fotocopia compulsada dos documentos que acrediten o cumprimento da titulación ou certificados esixidos para poder participar no procedemento.
- Xunto co Anexo II, deberán presentar.

Copia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración no concurso. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Ademais, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.
- Anexo III, declaración responsable.
- Anexo IV, declaración responsable.

7.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, no prazo de cinco días hábiles pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión.

A dita resolución publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

Na publicación farase constar, apelidos, nome e número de DNI, así como, se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os/as aspirantes excluídos disporán dun prazo de (2) dous días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, para emendar os defectos a que alude o art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións a lista de admitidos/as quedará elevada automaticamente a definitiva. No suposto de producirse reclamacións deberá dictarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa e publicarase a listaxe definitiva no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

8.- Tribunal cualificador.

Presidente: Titular: Un funcionario que terá a categoría como mínimo do subgrupo A2 ou empregado laboral de similar categoría.



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. serviciossociais@vilardebarrio.com

Vogais: Titulares: Tres funcionarios ou empregados laborais.

Secretario con voz e sen voto: Titular: A Secretaria Xeral do Concello ou funcionario en quen delegue.

A composición persoal do Tribunal será aprobada por Resolución da Alcaldía que se exporá ao público no taboleiro de anuncios do Concello.

9.- Sistema de selección.

O sistema de selección será de Concurso, mediante baremo dos méritos.

A puntuación máxima a acadar en todo o proceso sería de 15 puntos.

BAREMO DE MÉRITOS:

Polo Tribunal calificador examínase toda a documentación entregada polos/as aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante copias compulsadas, de acordo co seguinte baremo:

A) Experiencia profesional:

Puntuarase ata un máximo de 7 puntos, consonte a seguinte escala:

Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera Administración Pública (0.15 puntos/mes de servizo, ata un máximo de 4.5 puntos). Non se computarán servizos inferiores a un mes.

Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera outro centro de traballo (0.05 puntos/mes de servizo, ata un máximo de 2.5 puntos). Non se computarán servizos inferiores a un mes.

A experiencia laboral deberá acreditarse mediante contratos de traballo ou certificacións oficiais nos que quede acreditado a súa duración, así como a categoría laboral na que foi contratado/a.

En todo caso será necesario a presentación de certificado de “Vida Laboral” actualizado, expedido polo Seguridade Social.

B) Cursos de formación:

Por participación en cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación directa coas funcións propias do posto ofertado.

Ata un **máximo de 5 puntos** segundo o baremo seguinte:

Por cada curso de duración inferior a 10 horas lectivas.....0.10 pts./curso.
Por cada curso de duración de 11 a 50 horas lectivas.....0.50 pts./ curso.
Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas.....1,00 pts./ curso.
Por cada curso de duración de 101 a 455 horas lectivas..... 2.00 pts./ curso.



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. serviciosociais@vilardebarrio.com

Por cada curso de duración de 456 a 750 horas lectivas.....3.00 ptos./ curso.
Por cada curso de duración de máis de 750 horas lectivas.....4.00 ptos./ curso.

Incluiranse no apartado de cursos de duración inferior a 10 horas lectivas a razón de 0.10 ptos curso, aqueles que non especifiquen o número de horas nos correspondentes certificados.

C) Curso de Manipulador de Alimentos. 0,50 Puntos.

Acreditarase mediante orixinal ou copia compulsada do carné ou certificado expedido pola entidade competente.

D) Titulación Académica:

Por estar en posesión dalgunha titulación académica (universitaria ou título de formación profesional) relacionada coa área de coñecemento do posto de traballo obxecto da presente bolsa, diferente, de se-lo caso, da alegada como requisito de acceso:

- Titulación universitaria: 2,5 puntos.
- Titulación de FPII ou ciclo superior: 1,75 puntos.
- Titulación de FP1 ou ciclo medio: 1,00 puntos.

No suposto de estar en posesión de máis dunha das titulacións referidas, soamente se valorará a de maior nivel.

A titulación ou certificado de profesionalidade que se presente como requisito esixido para poder participar non pode puntuarse como mérito. Soamente se puntuará outras titulacións presentadas a maiores da presentada como requisito específico para participar.

10.- Resolución.

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas ao longo deste proceso. No suposto de empate primará a maior puntuación obtida por experiencia profesional. De persistir este, primará a maior puntuación obtida en cursos de formación. De persistir o empate, farase sorteo público para determinar o orde a ocupar na bolsa.

O Tribunal formulará proposta de formación da bolsa de traballo coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes. A proposta do tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no Taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e na sede electrónica para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. serviciossociais@vilardebarrio.com

11.- Presentación de documentación complementaria.

O/A aspirante seleccionado/a, no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro, páxina web ou sede electrónica, ou dende que se faga o chamamento a partir da bolsa, presentará no Rexistro do concello a seguinte documentación:

Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza a que se opta.

Quedarán condicionada a validez e suspendida a eficacia do contrato ata que os aspirantes seleccionados presenten a requirida documentación.

Se unha vez presentado o informe médico, este resultase desfavorable, o aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións.

Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista, tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia sinalada.

12.- Funcionamento da Bolsa de Emprego.

Cando por razóns de necesidade ou urxencia sexa necesario cubrir prazas na categoría convocada, procederase ao chamamento pola rigorosa orde establecida na Bolsa de Emprego. As persoas que figuren na Bolsa terán a obriga de concorrer ao chamamento que se realice.

Cando sexa necesario proceder ao chamamento para cubrir a praza, ofertarase ao primeiro da listaxe, realizando dúas chamadas telefónicas cun intervalo de media hora entre cada unha delas para que acepte ou renuncie ao posto ofertado. Se renuncia ao posto ofertado farao constar por escrito e remitirao por e-mail, fax ou presentarao persoalmente no rexistro municipal, no mesmo día. No suposto de non presentar por escrito dita renuncia farase constar mediante informe da traballadora social dita circunstancia. A continuación chamarase ao seguinte da listaxe.

No suposto de que un/unha mesmo/a aspirante fora chamado para ocupar dous ou máis postos correspondentes á Bolsa de Emprego, deberá optar por un deles, deixando constancia por escrito.

No suposto de non poder localizar a un/unha aspirante da bolsa utilizando os datos facilitados por dita persoa, pasarase a chamar ó/á seguinte da bolsa, mantendo a persoa non localizada o mesmo posto que ten na bolsa, non obstante, de repetirse a mesma situación cun segundo ofrecemento de contratación, pasará a ocupar o último posto da bolsa.

No suposto de que a integrante na bolsa de emprego á que lle correspondese o chamamento pola orde de puntuación puidese incorrer nun encadeamento de contratos



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. serviciosociais@vilardebarrio.com

ou mantemento de relación laboral de mais de 24 meses nun período de trinta, que puidese derivar nunha relación indefinida con esa administración, suspenderase o seu chamamento pasando o seguinte da lista. A suspensión do seu chamamento será polo tempo necesario para evitar a incursión en fraude de lei que derive nunha relación indefinida. Transcorrido o prazo necesario restablecerase a posibilidade do seu chamamento no posto da bolsa que obtivese segundo a puntuación.

De darse o suposto de esgotarse a listaxe da Bolsa de Emprego, poderá realizarse unha oferta de emprego ao SEPE para cubrir necesidades de carácter temporal, tendo preferencia aqueles candidatos/as que se adapten ós requisitos de formación e experiencia profesional establecidos nas presentes bases.

Renuncias:

Con carácter xeral, a non aceptación ou renuncia ao chamamento que se produza para cubrir a praza que se convoca, levará consigo as seguintes sancións:

- Primeira renuncia: Incorporación do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego.
- Segunda renuncia: Baixa definitiva na Bolsa de Emprego e imposibilidade de incluírse de novo na mesma.

Quedan excluídos das sancións anteriores e polo tanto seguirán formado parte da Bolsa de Emprego aquelas persoas que non acepten ou renuncien ao chamamento para cubrir a praza e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Se atopen traballando nese momento ou estean en situación de activo.
- Que acrediten situación de baixa médica.
- Que estean realizando cursos de formación relacionados co posto que se oferta.
- Calquera outra situación de carácter extraordinario a xuízo da entidade local.

Os integrantes da bolsa poderán presentar por escrito a suspensión dos chamamentos cando estén desempeñando outro traballo, debendo comunicar a súa vontade de volver a participar na bolsa.

13.- Incidencias.

O Tribunal estará cualificado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten durante o proceso selectivo.

14.- Impugnación.

A presente convocatoria, as súas Bases e cantos actos administrativos se deriven destas poderán ser impugnados polos/as interesados/as na forma legalmente prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.



15.- Protección de Datos

INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.A REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS CONSENTIMENTO)

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que vostede concede o asinar a instancia de solicitude a formar parte de esta bolsa (Anexo I) e aceptar ditas bases que rexerán a creación dunha bolsa de emprego no Concello de Vilar de Barrio (Responsable do Tratamento) para postos de traballo de Auxiliar de Axuda no Fogar no ano 2019, e o que vostede accede libremente, e para o que da o seu consentemento sendo este feito informado, libre, específico e outorgado mediante unha manifestación que mostra a súa vontade de consentir, é decir, de maneira inequívoca, pola propia instancia de solicitude entregada e asinada.

Informando tamén que en cumprimento da normativa de Protección de Datos, e tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPDP, informámoslle que calquera dato recabado por este medio, que Vd. nos proporcione, será incorporado a un **Registro de Actividades de Tratamento denominado Persoal**, o tratamento dos seus datos farémolo co único fin xestión e trámite do súa solicitud. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos e políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e RXPDP, si desexa acadar máis información do tratamento de datos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar <https://vilardebarrio.sedelectronica.gal/privacy.1> ou acadar dita información dirixíndose as dependencias do Concello, informámolo tamén que ten dereito, a: **obter confirmación de se estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar limitacións deste**, para isto pode dirixir solicitude a este Responsable de Tratamento no seguinte enderezo: **Prza. do Toural, 10 Vilar de Barrio (32702) (Ourense)** tamén por vía mail a: info@vilardebarrio.com ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

En Vilar de Barrio, O Alcalde.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. serviciossociais@vilardebarrio.com

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

Solicitude para tomar parte na Bolsa de Emprego na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar para o exercicio 2019, como persoal laboral temporal:

D./Dº....., maior de idade, con
DNI.....con domicilio a efectos de notificacións
en.....número de
teléfono..... e email.....

EXPÓN

Que vista a convocatoria para as probas selectivas para a creación dunha Bolsa de Emprego na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar para o exercicio 2019.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- 1.- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2.-Que autorizo ó Concello de Vilar de Barrio para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do Concello, na súa páxina web e sede electrónica, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
- 3.- Que estou en posesión do carné de conducir en vigor, tipo B1, e dispoño de vehículo para os desprazamentos.
- 4.- Que posúo a titulación ou certificados esixidos como requisito específico para poder participar no procedemento.

SOLICITA:

Ser admitido/a ó referido procedemento de selección, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

Xúntase a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do **DNI** ou pasaporte. Ademais os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Fotocopia compulsada do **carné de conducir B** en vigor.
- Fotocopia compulsada dos **documentos que acrediten o cumprimento da titulación ou certificados esixidos para poder participar no procedemento.**

Vilar de Barrio....., a.....de.....de 20..

Asdo:.....

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO.

En cumprimento da normativa de Protección de Datos(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámosle que os seus datos, serán incorporado o **Rexistro de Actividades de Tratamento de Persoal**, o tratamento dos seus datos farémolo co único fin da xestión e trámite do súa solicitude. No tratamento dos datos aplicaránse as políticas de seguridade que establece o ENS e RXPd, información do tratamento que pode consultar en: <https://vilardebarrio.sedelectronica.gal/privacy.1> tamén pode exercer os dereitos que establece o RXPd dirixindo solicitude a **Praza.. do Toural, 10 Vilar de Barrio (32702) (Ourense)** ou vía mail: info@vilardebarrio.com a atención da Delegada de Protección Datos, facendo referencia o dereito que desexa exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. serviciosociais@vilardebarrio.com

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/aprovisto/a de D.N.I nº,
con enderezo na R/.....núm. piso.....
C.P.....Localidade.....Municipio.....
Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto da convocatoria.
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Vilar de Barrio,.....de.....20..

Asdo.:



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. serviciossociais@vilardebarrio.com

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/aprovisto/a de D.N.I nº,
con enderezo na R/.....núm. piso.....
C.P.....Localidade.....Municipio.....
Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

- Que non fun condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibición e provocación sexual, prostitución, explotación e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

Vilar de Barrio,.....de.....20..

Asdo.: